



CURSO 2022-2023

CEIP PLURILINGÜE ISIDORA RIESTRA



PLAN

DE

IGUALDADE



ÍNDICE

Páxina

1. Introducción e xustificación do plan de igualdade

3

2. Marco legal	5
• Ámbitos: internacional, europeo, estatal e galego.	5
3. Análise do noso centro en materia de igualdade, de violencia de xénero e de LGTBIfobia	9
4. Obxectivos do plan	10
• Obxectivos: xerais e específicos.	11
5. Contribución ao plan de convivencia dende as competencias clave	13
6. Medidas educativas	15
➤ <u>Ámbitos de aplicación de medidas:</u>	
• Desde o centro	
• Desde as aulas	
➤ <u>Axentes educativos participantes e/ou receptores das medidas</u>	
• Alumnado	
• Familias	
• Equipo docente	
➤ <u>Temporalización da aplicación de medidas:</u>	
• Conmemoracións seleccionadas	
• Ao longo de todo o curso.	
7. Seguimento e avaliación do plan	20

Por que avaliamos?

Que avaliaremos?

Como avaliaremos?

Cando avaliaremos?

A igualdade é a alma da liberdade, de feito, non hai liberdade sen ela.

-Francis Wright-

1. Introducción e xustificación do plan de igualdade.

A importancia da **formación integral** de carácter permanente dos individuos é inherente á formación en materia de **igualdade**. O noso centro debe garantir o acceso aos dereitos e ás oportunidades por igual a todas as persoas, no marco dunha **educación inclusiva**. O plan de igualdade é un documento que servirá como instrumento para que isto sexa posible.

O noso **Plan de Igualdade** ten como **finalidade** contribuír á **mellora da convivencia** de toda a nosa comunidade educativa en prol da adquisición de habilidades para a **prevención e resolución pacífica de conflitos**, do rexeitamento de calquera tipo de violencia, da aceptación das diferenzas entre as persoas, da promoción da igualdade de dereitos e oportunidades de homes, mulleres, nenas e nenos así como a **non discriminación** por algunha razón de raza, sexo, relixión, discapacidade ou diversidade afectivo-sexual.

Como **axente da socialización diferencial** temos a responsabilidade de contribuír ao proceso de mellora da nosa sociedade. Desde o noso centro e desde as nosas aulas, deberemos de promover uns valores que fomenten unha educación igualitaria, de calidade e equitativa, que non promova e perpetúe os modelos tradicionais de xénero que promoven “modelos ideais” de masculinidade e de feminidade, limitando o libre desenvolvemento da personalidade de cada alumno e de cada alumna.

Para a elaboración deste Plan tivéronse en conta **catro principios** inspiradores baseados no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020: A **transversalidade** na igualdade de xénero, **sociedade igualitaria**, “**violencia 0 nas aulas e na sociedade**”, sensibilizando á nosa comunidade educativa sobre o problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición e, finalmente, **a inclusión e integración da diversidade**.

O noso plan de igualdade baséase nun enfoque **coeducativo**, no que a coeducación desprace modelos de educación diferenciada e eduque para a igualdade desde a diferenza, partindo dun enfoque igualitario e de non discriminación.

Como centro aspiramos a que este sexa un espazo que forme a nosa comunidade nun entorno libre de prexuízos sexistas e de prácticas sociais que non son desexables, e finalmente, que o que aprendemos aquí podamos aplicalo fóra das nosas aulas, do noso centro, para contribuír á creación dunha sociedade mellor e dun mundo máis inclusivo.



2. Marco legal

Para a elaboración deste plan de igualdade partimos do coñecemento da normativa legal en materia de igualdade no ámbito internacional, no ámbito europeo, no ámbito estatal e no ámbito galego. A continuación preséntase unha síntese dos acontecementos máis relevantes.

No ámbito internacional:

- No ano **1975** a ONU declarouno como Ano Internacional da Muller e asentouno coa realización da ***I Conferencia Mundial sobre a Muller*** na Cidade de México.
- No ano **1979** celébrase a ***Convención sobre a Eliminación de todas as formas de Violencia contra as Mulleres.***
- No ano **1993** aprobouse a **Declaración sobre a eliminación da Violencia contra a Muller.**
- No ano **1995** celebrouse a **IV Conferencia Mundial sobre a Muller**, na que se aprobou a *Declaración e Plataforma de acción de Beijing*.

No ámbito europeo:

- O **Consello de Europa (1998)** definiu as políticas de **igualdade** como “a reorganización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos para incorporar, por parte dos axentes involucrados normalmente nos ditos procesos, unha perspectiva de igualdade de xénero en todos os niveis e fases de todas as políticas”
- Un dos principios básicos nos que se basea a Unión Europea é a **igualdade**, recollida no **Tratado da Unión Europea (1992)** no artigo 2 e no 3.3 e na

Carta Fundamental dos dereitos da Unión Europea (2000) no seu artigo artigo 21.

- No **2006** constituíuse o **Instituto Europeo de Igualdade de Xénero**.
- No ano **2010** a Unión Europea aproba **A Carta da muller**.
- **Compromiso estratéxico para a igualdade de xénero (2016-2019)**, vixente na actualidade.
- **Estratexia de Igualdade de Xénero 2018-2023**.

No ámbito estatal:

- Segundo o artigo **Art. 9.2** da Constitución Española de **1978** “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos cales se integra, sexan reais e efectivas; quitar os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.
- No ano **1983**: Creouse o **Instituto da Muller**. Actualmente denominado Instituto da muller e para a igualdade de oportunidades.
- No ano **2004** apróbase a **Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero**.
- A **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación introduciu a **coeducación** como obxectivo estratéxico. Tamén neste ano, se aprobou a lei do matrimonio entre persoas do mesmo sexo.

- No ano **2007** aprobouse a **Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.**
- No ano **2017** o Estado español aprobou un documento de medidas que denominou **Pacto de Estado contra la violencia de género.**
- ***Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades (2018-2021).***

A nivel galego

- A Xunta de Galicia creou no **1993** o **Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.**
- No ano **2007** aprobouse a **Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.** Neste mesmo ano creouse a **Unidade de Muller e Ciencia.**
- A **Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia,** adica no seu **capítulo V** as medidas que se deben de levar a cabo no eido da educación.
- No ano **2015** apróbase o **Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de desigualdade.** Destacan os artigos 17, 18 e 19 que fan referencia ao eido educativo.
- O **Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa**

en materia de convivencia escolar, contempla a **integración do principio de igualdade entre mulleres e homes.**

- **Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención** e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Este Decreto complétase coa **Orde do 12 de Abril de 2019** pola que se establece o procedemento de recoñecemento e validación da formación en igualdade.
- En **2019** a CEUFP aproba unha instrución para que os centros de infantil, primaria, secundaria e FP elaboren o **Plan de Igualdade.**
- Tanto o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia** como o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia** establecen o **obxectivo da igualdade entre mulleres e homes** na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativos.
- **VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (2017-2020).**
- **Plan galego de conciliación e corresponsabilidade (2018-2021).**
- **I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.**

3. Análise e conclusións do noso centro en materia de igualdade, de violencia de xénero e de LGTBIfobia.

Para mellorar a nosa práctica **coeducativa** necesitamos información sobre cal é a situación que temos no centro respecto a distintas cuestións enmarcadas no contexto da igualdade e da non discriminación.

Co fin de obter e **analizar** as nosas necesidades, empregamos a seguinte táboa:

Niveis de coeducación presente na nosa comunidade educativa				
	SI	Non	En proceso	Ás veces
No centro				
Inclúense os obxectivos do Plan de Igualdade nos distintos documentos de centro.				
Os comunicados teñen unha linguaxe inclusiva				
Os espazos teñen unha linguaxe inclusiva				
Existe un tablón coeducativo				
Visibilízanse as prácticas coeducativas				
Celébranse conmemoracións e actividades en prol da igualdade e da non discriminación				
Colaboramos con entidades ou persoas externas que promovan a coeducación.				
Analizamos a nosa responsabilidade como centro na coeducación e plantexamos solucións ás necesidades atopadas.				
Os espazos, os tempos e os recursos empregados no centro promoven a coeducación				
Realízanse actividades deportivas con perspectiva de xénero				
No noso alumnado				
Existen actitudes discriminatorias				
Existen actitudes ou accións violentas				
Teñen unha porcentaxe equilibrada de referentes femininos e masculinos				

	SI	Non	En proceso	Ás veces
No profesorado				
O profesorado ten formación en materia de igualdade				
O profesorado emprega unha linguaxe inclusiva				
O profesorado revisa se existen materiais sexistas				
O profesorado leva a cabo as actividades propostas en materia de igualdade, non discriminación e prevención da violencia.				
Nas familias				
Colaboran en materia de igualdade				
Reciben información en materia de igualdade				

As **conclusións** que podemos obter tras analizar os resultados son os seguintes:

- Temos que revisar os nosos espazos, recursos e materiais educativos e crear outros novos.
- Temos que aumentar o número de referentes femininos nas nosas aulas.
- Temos que mellorar as actitudes do noso alumnado en materia de igualdade, non discriminación e violencia.
- Temos que incrementar a formación do noso profesorado neste eido.
- Temos que incrementar e mellorar as nosas canles de comunicación coas familias en materia de coeducación.

4. Obxectivos do plan:

Os obxectivos coeducativos do noso plan diferéncianse en 5 obxectivos xerais e en 15 obxectivos específicos:

Obxectivo Xerais:

1. Levar a cabo prácticas educativas dende unha perspectiva integral e de xénero encamiñadas á igualdade que identifiquen e eliminen estereotipos sexistas, condutas violentas e discriminatorias presentes na nosa Comunidade Escolar e na sociedade.
2. Minimizar/eliminar as mensaxes non igualitarias que a nosa comunidade educativa recibe desde ámbitos que nos conducen á discriminación de persoas, ao aumento de prexuízos, á violencia ou ao fomento de estereotipos sexistas.
3. Promocionar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, mulleres e nenos e o respecto pola diversidade afectivo-sexual.
4. Crear espazos que visibilicen prácticas educativas coeducativas así coma materiais libres de estereotipos que inviten á reflexión e ao desenvolvemento dunha actitude crítica ante as inxustizas.
5. Aumentar coñecementos, competencias e referentes diversos e variados no eido da igualdade e da diversidade.

Obxectivos específicos:

1. Detectar e eliminar actitudes sexistas e discriminatorias na escola.
2. Sensibilizar á comunidade educativa, especialmente ao profesorado e ás familias da necesidade da formación en igualdade.
3. Aumentar os materiais e recursos coeducativos do noso centro.

4. Revisar os materiais escolares, especialmente os da nosa biblioteca.
5. Difundir as prácticas coeducativas a través da web do centro, de exposicións e doutros medios.
6. Promover actividades interdisciplinares que fomenten a intelixencia emocional.
7. Ampliar o vocabulario coeducativo.
8. Propocionar estratexias que axuden na prevención e resolución de conflitos.
9. Desmitificar as tarefas domésticas, os xoguetes e as profesións en torno ao xénero.
10. Utilizar unha linguaxe inclusiva e non sexista ou discriminatoria nas nosas aulas, no centro e nos documentos do mesmo.
11. Ampliar os referentes do noso alumnado.
12. Continuar coa creación de espazos igualitarios no recreo para nenos e para nenas.
13. Promover a análise de anuncios publicitarios e detectar se son sexistas ou non.
14. Debater sobre cuestións coeducativas co noso alumnado.
15. Crear un decálogo sobre a igualdade.



5. Contribución ao plan de convivencia dende as competencias clave.

Un elemento imprescindible do noso currículo son as competencias clave presentes no **Artigo 5 do Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como contribuirán as sete competencias clave en prol á adquisición dos obxectivos que propoñemos no noso plan de igualdade?

1. Comunicación lingüística (CCL)

A través de:

- Uso axeitado da linguaxe non sexista.
- Lecturas coeducativas.
- Elaboración de textos que promovan a igualdade.
- Debates orais.
- Adquisición dun glosario de palabras relacionadas coa igualdade ao longo do curso escolar.
- Expresión de sentimentos e de actitudes que rexeiten os distintos tipos de violencia ou discriminación.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A través de:

- O coñecemento de referentes de mulleres científicas.

- A valoración das profesións sen rasgo sexista.
- A eliminación de estereotipos no eido científico e tecnolóxico nas mulleres.

3. Competencia dixital.

A través de:

- Análise das mensaxes e da publicidade que envían os medios de comunicación, perpetuando en moitas ocasións roles sexistas.
- A navegación na rede para atopar información relacionada con termos referentes á igualdade.

4. Competencias sociais e cívicas.

A través de:

- Dinámicas en distintos tipos de agrupamentos que promovan o fomento de valores, habilidades sociais e actitudes que defendan a igualdade e a diversidade así como a eliminación de condutas que promovan a violencia ou a discriminación.
- Coñecemento crítico de conceptos de democracia, igualdade, xustiza, dereitos humanos e solidariedade.
- Participación construtiva nas diferentes actividades propostas.
- Mellora da autoestima, autoconcepto e regulación das súas emocións.

5. Aprender a aprender.

A través de:

- Traballo cooperativo.
- Desenvolvemento de estratexias de traballo en grupo.

- Aplicación de coñecementos adquiridos noutras situacións.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

A través de:

- As actividades que fomenten o espírito crítico.
- Propoñer solucións creativas a distintas situacións plantexadas.
- Realización de diferentes actividades e participación activa nas mesmas.

7. Conciencia e expresións culturais.

A través de:

- Visibilidade de mulleres da vida cotiá e da nosa historia.
- Creación de traballos artísticos que promovan a igualdade.
- Coñecemento e valoración de vídeos, libros e outras manifestacións artísticas coeducativas.

6. Medidas educativas.

➤ **Ámbitos de aplicación de medidas:**

- Desde o centro.
- Desde as aulas.

➤ **Axentes educativos participantes e/ou receptores das medidas**

- Alumnado.
- Familias.
- Equipos docentes.

➤ **Temporalización da aplicación de medidas:**

- Conmemoracións seleccionadas
- Ao longo de todo o curso.

➤ **Ámbitos de aplicación de medidas:**

• **Dende o centro**

- Afondar nun modelo de coeducación educativa.
- Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero.
- Abordar a detección precoz e resposta eficaz á violencia machista e outras formas de abuso.
- Empregar unha linguaxe non sexista.
- Aumentar a participación de axentes sociais diversos nos proxectos coeducativos como apoio e complemento que permita visibilizar a diversidade social.
- Continuar coa promoción dun patio e espazos inclusivos.
- Xestionar as maletas viaxeiras para a aprendizaxe sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.
- Fomentar actividades deportivas con perspectiva de xénero.
- Realizar as actividades propostas acordadas polo claustro.
- Crear un taboleiro coeducativo.
- Realizar campañas de sensibilización destinadas a toda a comunidade educativa en materia de igualdade, non discriminación e prevención da violencia.

- **Dende as aulas**

- Proporcionar materiais didácticos que non representen actitudes machistas ou discriminatorias tradicionais, tanto en imaxes coma en textos escritos.
- Coidar que a utilización dos espazos comúns, sexa o máis equitativa para o alumnado.
- Desenvolvemento de actividades dirixidas a visibilizar a contribución das mulleres no desenvolvemento da nosa sociedade.
- Desenvolver o Plan de Acción Titorial con perspectiva de xénero, promovendo a educación do alumnado.

➤ **Axentes educativos participantes e/ou receptores das medidas**

- **Co noso alumnado**

- Promover lecturas coeducativas.
- Facilitar canles para aumentar o diálogo e a comunicación.
- Realizar actividades para visibilizar ás mulleres que fixeron aportacións relevantes ao desenvolvemento da nosa sociedade.
- Realizar actividades para visibilizar a mulleres da vida cotiá que fan unha labor, moitas veces non recoñecida.
- Aumentar os seus referentes femininos.
- Promover estratexias de prevención e de resolución de conflitos así como valores de solidariedade, tolerancia e respecto.

- **Familias**

- Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo, a través de materiais de referencia para realizar unha orientación familiar e vital libre de prexuizos.
- Promover a colaboración dalgunha nai ou outro familiar feminino do noso alumnado que realice unha profesión asociada tradicionalmente aos homes.

- **Equipo docente**


- Intensificar a formación dos mestres e das mestras para o tratamento da diversidade afectiva e sexual no ámbito educativo.
- Proporcionar recursos e orientacións ao profesorado en materia de convivencia no que respecta á diversidade de xénero e afectivo, sexual, así como á igualdade e non discriminación.
- Promover a revisión de materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.

➤ **Temporalización da aplicación de medidas:**

Cando realizaremos as diferentes actividades?



Nas conmemoracións



Ao longo de todo o curso

Conmemoracións:

Seguindo o **artigo 8** da **Orde do 19 de maio de 2021** pola que se aproba o **calendario escolar** para o **curso 2021/2022** nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coas medidas/actividades que se levarán a cabo no centro ao longo de todo o curso, realizaranse actividades específicas nas seguintes **conmemoracións**:

- **25 de novembro:** Día Internacional para a Eliminación da Violencia cara a Muller.
- **10 de decembro:** Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Levaranse a cabo actividades para informar ao noso alumnado sobre que son os Dereitos Humanos e cal é a súa importancia.
- **Decembro/ Xaneiro:** Campaña de xoguetes non sexistas e non violentos.
- **30 de xaneiro de 2020:** Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- **8 de marzo:** Día Internacional da Muller.
- **Entre o 20 e o 24 de abril de 2020:** Semana do Libro. Durante esta semana realizaremos diferentes lecturas de contos coeducativos.
- **No mes de xuño** en conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia realizaranse actividades específicas para integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual.

🚩 Ao longo de todo o curso:

- Colaboración en actividades do alumnado agrupado sen ter en conta como criterio a súa idade. Por exemplo, nas actividades propostas no VIII Encontro de alumnado das escolas asociadas da Unesco, na celebración do Samaín e con outras actividades que partan da biblioteca escolar.
- Visualización de curtometraxes e unha película relativa á igualdade.
- Realizar unha exposición interactiva sobre a figura de diferentes mulleres importantes ao longo da historia que realizaron aportacións significativas en diferentes facetas da vida coma: Margarita Salas, Gloria Fuertes, Rosalía de Castro, Begoña Vila, Maruja Mallo, Rosa Parks, Malala Yousafzai e María Teresa Portela Rivas entre outras.

7. Seguimento e avaliación do plan.**➤ Por que avaliamos?**

A avaliación deste plan, vén dada pola necesidade de obter información e valorar o mesmo, tomando decisións enfocadas a melloralo.

➤ Que avaliaremos?

A nosa avaliación levarase a cabo valorando o logro dos obxectivos propostos, a aplicación e grao de consecución das medidas/actividades plantexadas no mesmo e o grao de implicación dos membros da nosa Comunidade Educativa.

➤ **Como avaliaremos?**

A través de diferentes **técnicas e instrumentos** de avaliación.

Técnicas: Técnicas de grupo focal, entrevistas e Brainstorming

Instrumentos: Cuestionarios, análise das producións do alumnado, escalas de apreciación, rexistro anecdótico, guía de avaliacións de plans, posta en común de experiencias.

➤ **Cando avaliaremos?**

Realizaremos unha **avaliación inicial/diagnóstica** para saber cal é o noso punto de partida (debilidades e fortalezas), unha **avaliación procesual** (ao longo do desenvolvemento do plan) e finalmente, realizaremos unha **avaliación final** (a final de curso, onde avaliaremos a aplicación do plan e as necesidades de mellora do mesmo.

*A violencia racial, de xénero, sexual e outras formas de discriminación
e violencia, non poden ser eliminados sen cambiar a cultura.*

-Charlotte Bunch-



En Poio, a 5 de Outubro do 2021

O departamento de orientación

Asdo: Yolanda González Pallares